

concretar o alcance dalgúns preceptos co fin de axustalos coa maior precisión ao establecido na normativa comunitaria, polo que cómpre efectuar as modificacións oportunas na orde desta consellería do 6 de febreiro de 2006, para a súa adaptación á normativa estatal.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do EAG e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro,

### DISPOÑO:

Artigo único.

Un.-No artigo 4.2 engádesse un novo parágrafo ao final, co seguinte texto:

«As solicitudes de prima por sacrificio para aqueles animais sacrificados ou exportados vivos durante a primeira quincena de xaneiro de 2006, poderán presentarse ata o día 15 de maio inclusive».

Dous.-No artigo 7.1 suprímese a alínea «v) Explotacións asociativas».

Tres.-O artigo 9.1.b) queda redactado do modo seguinte:

«b) Agricultores que non estando identificados segundo a dita Orde do 30 de maio de 2005 reciban unha explotación ou parte dela dun agricultor dos sinalados na alínea a) así como aqueles agricultores que se identifiquen mediante a presentación da solicitude do pagamento único ou de admisión ao réxime dentro do prazo establecido».

Catro.-O artigo 14.1.c) queda redactado do modo seguinte:

«c) Os agricultores mozos que realizasen a súa primeira instalación a partir do 16 de maio de 2004».

Cinco.-O artigo 26, segundo parágrafo, queda redactado da seguinte maneira:

«O prazo de presentación será ata o 15 de xuño de 2006, para que as resolucións teñan efecto sobre as superficies validadas das solicitudes de axuda tramitadas no 2006».

Seis.-O artigo 31.2 substitúese polo seguinte:

«A adición de parcelas agrícolas ou as modificacións introducidas de conformidade co parágrafo 1, comunicaráselle por escrito ao Servizo Provincial do Fogga como moi tarde o 15 de xuño de 2006».

Sete.-O artigo 44.1 substitúese polo seguinte:

«1. Os agricultores poden utilizar as superficies retiradas que serven para a xustificación dos dereitos de retirada para obter materias primas para a fabricación na Unión Europea de produtos non destinados á alimentación humana ou animal, sen perder o dereito ao pagamento por superficie. Só se permite o cultivo de remolacha azucreira, pataca ou topi-

nambo e chicoria, se se cumpren as condicións establecidas no artigo 143.2 do Regulamento (CE) 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004».

Oito.-O artigo 52.1 substitúese polo seguinte:

«Cada animal polo que se solicite unha axuda deberá estar identificado, rexistrado e dotado do documento de identificación conforme as disposicións do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. A explotación á que pertencen os animais obxecto de axuda deberá cumprir as disposicións establecidas no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece o rexistro xeral de Explotacións Gandeiras».

Novo.-No anexo 4, o punto 10.2.1 queda como segue:

«O pagamento adicional calcularao o Fogga con cargo na contía total dispoñible para a Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006».

Dez.-No anexo 4, a primeira liña do apartado 10.2.2 debe dicir:

«Para a distribución dos pagamentos adicionais o Fogga terá en conta os seguintes criterios:».

### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conseilleiro do Medio Rural

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 27 de abril de 2006 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2006.*

Por medio da presente orde preténdese desenvolver un plan de consolidación do tecido asociativo deportivo de Galicia co obxectivo xeral de garantir o desenvolvemento das actividades que promoven as entidades deportivas. A universalización da práctica deportiva ten un papel moi importante na sociedade, actuando de maneira transversal en moitos valores sociais de grande importancia para a mellora da calidade de vida dos cidadáns.

O desenvolvemento de programas de actuacións desde a Administración deportiva debe fundamentar unha área de traballo de grande importancia en colaboración cos principais axentes dinamizadores do deporte galego, que son os clubs e as entidades deportivas sen ánimo de lucro. O seu alto número, e o incremento que se prevé que siga producíndose nos próximos anos, fai necesario fixar uns criterios, que aplicados de forma equitativa e obxectiva, leven a unha priorización das necesidades co fin de con-

ceder axudas ao máximo número de axentes deportivos que colaboran en acadar os obxectivos perseguidos a través das liñas de actuación que impulsa a Consellería de Cultura e Deporte desde a Dirección Xeral para o Deporte.

Unha das firmes apostas da Consellería de Cultura e Deporte é o fomento da actividade deportiva desde o inicio, a consolidación dos proxectos Crecendo desde a base garantirán un desenvolvemento máis racional do tecido asociativo. Os proxectos da Dirección Xeral para o Deporte neste campo teñen como obxectivo acadar a xeneralización da práctica deportiva entre os nenos e nenas galegos, facilitando o acceso universal á práctica deportiva a través da consolidación da igualdade de oportunidades no deporte. Neste senso, a especial protección dos colectivos con discapacidade da súa integración e pé de igualdade na sociedade son obxectivos principais da Administración deportiva.

É necesario apoiar a actividade formativa e a participación dos clubs en ligas ou campionatos oficiais de ámbito galego, nacional ou internacional, e tamén ás entidades que contribúen de forma importante ao desenvolvemento e promoción do deporte. Todas estas entidades deben conxugar o seu traballo de forma harmónica e complementaria para consolidar todos os itinerarios formativos, desde a formación base, pasando pola competición, ata o alto rendemento deportivo, o que no seu conxunto cumpre un importante papel na formación educativa dos mozos e mozas nas respectivas disciplinas onde desenvolven a súa actividade.

Así mesmo, dentro da propia actividade deportiva é moi importante o traballo de organización vinculado ao tecido asociativo, xa que a través dun gran traballo Galicia conta cun amplo calendario de competicións deportivas en todos os niveis, o que posibilita unha participación regular dos deportistas nos calendarios oficiais das distintas federacións.

Tendo en conta todo isto, a Consellería de Cultura e Deporte convoca, ao abeiro desta orde axudas económicas para a participación ou desenvolvemento de programas deportivos oficiais con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.355-A.480.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

A presente orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da concesión de subvencións a clubs e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2006, así como para a organización de actividades de promoción e integración de colectivos de discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais e programas que promovan un maior nivel de incorporación da muller no deporte.

A concesión de subvencións ás que se refire a presente orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

##### **Artigo 2º.-Beneficiarios.**

1. Poderán ser beneficiarios do presente programa as seguintes entidades:

a) Os clubs e entidades deportivas que participen en campionatos oficiais convocados polas federacións deportivas.

b) Os clubs deportivos que organicen probas dos calendarios oficiais das federacións deportivas.

c) As agrupacións deportivas escolares comarcais de zona, coorganizadoras da campaña do deporte en idade escolar e que desenvolvan competicións e programas deportivos en idade escolar de ámbito comarcal, provincial ou autonómico, promovidos pola Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte.

Estas entidades deberán estar inscritas no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia da Dirección Xeral para o Deporte, e con enderezo social en Galicia.

2. Igualmente, poderán ser beneficiarias as asociacións con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro, que desenvolvan proxectos de actividades deportivas con colectivos de discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais, que estean vinculadas a centros educativos.

##### **Artigo 3º.-Financiamento orzamentario.**

As solicitudes de axuda reguladas nesta orde serán atendidas con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.355A.480.0 cun crédito máximo de 3.800.000 €.

##### **Artigo 4º.-Solicitudes.**

As solicitudes presentaranse nos impresos oficiais, segundo o modelo que se achega á presente orde como anexo, cubrindo todos os datos básicos, administrativos e bancarios da entidade solicitante.

Achegarase tamén unha memoria descritiva coas seguintes alíneas:

1. Para os clubs que participen en campionatos oficiais:

a) Relación detallada do número de equipos que integran cada entidade deportiva no momento da solicitude. A dita relación deberá indicar, polo menos, a seguinte información;

a.1. Categoría de cada equipo por idades e sexos, número de deportistas en cada equipo, ámbito de actuación da competición (local, provincial, autonómica, etc.).

a.2. Nos casos dos equipos que participen nalgunha das catro máximas categorías de competición dunha modalidade deportiva, deberán especificar o número de xogadores/as galegos as que teña o equipo.

a.3. Deben detallarse os datos dos técnicos titulados de que dispoña o club identificando estes cos equipos e categorías, ademais de indicar a titulación deportiva de cada técnico.

Os datos referentes ao número de licenzas e número de clubs debe ser certificado pola correspondente federación deportiva galega.

b) Detalle dos desprazamentos realizados fóra de Galicia. Cando a categoría de competición se desenvolva tamén fóra do ámbito da comunidade galega, deberá especificarse cales son os desprazamentos, indicando a distancia e o medio de transporte.

c) Relación detallada dos proxectos de escolas deportivas que teña a entidade solicitante, indicando o número de deportistas, a instalación na cal se desenvolve, así como o cadro técnico que a dirixe.

d) Orzamento de ingresos e gastos do club ou entidade, detallado por conceptos para a presente tempada. O documento deberá ser certificado polo tesoureiro ou secretario da entidade coa sinatura do presidente do club.

e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvención solicitadas e concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos.

f) Fotocopia do CIF e, se é o caso, NIF.

2. Para os clubs que organizan competicións oficiais:

a) Programa da competición que se vai desenvolver.

b) Orzamento da competición desagregado por conceptos (ingresos e gastos).

c) Número e categoría de participantes.

d) Relación de subvencións solicitadas e concedidas.

e) Fotocopia do CIF ou NIF.

3. Para as agrupacións deportivas escolares:

a) Orzamento de ingresos e gastos da agrupación desagregado por conceptos para a presente tempada.

b) Programa detallado das actividades da entidade para o ano 2006, especificando o número de equipos, número de participantes, número de deportes e número de entidades participantes.

c) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvención solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos.

d) Fotocopia do CIF ou NIF.

4. Para as asociacións ás que se refire o punto 2 do artigo 2º que desenvolvan traballos con colectivos de discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais.

a) Proxecto valorado das accións deportivas que se van desenvolver.

b) Número de participantes nas actividades.

c) Cualificación e número de técnicos responsables das actividades.

d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos.

e) Fotocopia do CIF ou NIF.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das súas delegacións provinciais, no rexistro da Dirección Xeral para o Deporte (Estadio Multiúsos de San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela), ou ben por calquera outro dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Comisión avaliadora.

1. Unha vez recibida a documentación das solicitudes de subvención, a Dirección Xeral para o Deporte convocará a comisión avaliadora, que estará formada polas seguintes persoas:

a) Presidente: o subdirector xeral de Deportes, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

-Os delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

-O xefe do Servizo de Coordinación Deportiva.

-Os xefes dos servizos de Deportes das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

c) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral para o Deporte.

2. Serán funcións da comisión avaliadora:

a) Avaliar as solicitudes presentadas e a documentación achegada polas entidades beneficiarias.

b) Efectuar as propostas de concesión de subvencións elevándoas ao director xeral para o Deporte, para a resolución definitiva.

O secretario levantará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

3. Unha vez estudadas pola comisión avaliadora as documentacións dos solicitantes, a Dirección Xeral para o Deporte poderá presentarles ás distintas entidades os reparos ou obxeccións que crea necesarios para axustalas aos obxectivos desta orde, co fin de que se realicen as oportunas correccións nun prazo de dez días hábiles a partir da data de notificación. Se así non se fixese terase por desistida a súa petición, logo de resolución e notificación, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Criterios de concesión.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os

seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

7.1. Para as axudas dirixidas ás actividades para desenvolver polas entidades do punto 1 da letra a) do artigo 2º:

a) Nivel das competicións nas que participe cada un dos equipos integrantes do club, ata 30 puntos. Nos casos dos equipos das catro categorías de máis nivel nunha modalidade deportiva será valorado o número de deportistas galegos ou galegas inscritas, ata un máximo de 10 puntos.

b) Número de equipos e licenzas de categoría feminina, ata 20 puntos.

c) Número de equipos ata categoría xuvenil, ata 10 puntos.

d) Número de técnicos titulados no proxecto global do club, ata 10 puntos.

e) Número de alumnos/as en proxectos de promoción e escolas deportivas, ata 10 puntos

f) Desprazamentos a competicións oficiais, distancia e número de deportistas desprazados, ata 10 puntos.

7.2. Para as axudas dirixidas ás actividades para desenvolver polas entidades do punto 1, da letra b) do artigo 2º.

1. Nivel da competición que se vai organizar, ata 30 puntos.

2. Número de participantes na competición, ata 20 puntos.

3. Orzamento da competición, equidade entre ingresos propios e o total do orzamento, ata 20 puntos.

4. Relevancia social da competición que se vai organizar, ata 20 puntos.

5. Organización de probas de categoría feminina, ata 10 puntos.

7.3. Para as axudas dirixidas ás actividades para desenvolver polas entidades do punto 1, da letra c) do artigo 2º:

1. Por número de equipos, ata 25 puntos.

2. Por número de participantes, ata 25 puntos.

3. Por número de deportes, ata 25 puntos.

4. Por número de entidades participantes, ata 25 puntos.

7.4. Para as axudas que van destinadas ás actividades do punto 2.

1. Relevancia deportiva do proxecto presentado, ata 25 puntos.

2. Adecuación do orzamento ao proxecto presentado, ata 25 puntos.

3. Número de participantes nos programas, ata 25 puntos.

4. Cualificacións e número dos técnicos responsables das actividades, ata 15 puntos.

5. Aspectos que resalten aspectos referentes á integración social dos colectivos, ata 10 puntos.

As axudas correspondentes ao presente programa poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados.

Artigo 8º.-Resolución e comunicación.

O órgano competente para a resolución das subvencións establecidas na presente orde será o director xeral para o Deporte ao abeiro do disposto no artigo 3.2º da Orde do 15 de novembro de 2005, pola que se modifica a do 27 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias da Consellería de Cultura e Deporte, en relación co artigo 2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A resolución das subvencións seralles notificada aos solicitantes nun período de cinco meses, contado desde o día seguinte á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

As resolucións das axudas poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, logo de instrución do correspondente expediente e tras a audiencia ao interesado.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Caberá interpoñer recurso potestativo de reposición de acordo cos artigos 116 e 117 da devandita lei.

O recurso contencioso-administrativo rexerese pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; poderá interpoñerse no prazo de dous meses a partir do día seguinte da resolución ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9º.-Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez rematada a actividade, as entidades beneficiarias das axudas poderán xustificar o cumprimento da actividade subvencionada. Sen prexuízo do anteriormente sinalado, o prazo máximo para a presentación da xustificación será o 15 de novembro de 2006. O incumprimento deste prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou no rexistro da Dirección Xeral para o Deporte acompañadas dos seguintes documentos:

1. Certificación expedida polo secretario da entidade beneficiaria co visto e prace do presidente,

na que conste unha relación detallada do gasto na que se especificuen os perceptores, co número de CIF ou NIF, contía e motivo, segundo o proxecto aprobado.

2. Facturas orixinais do gasto en que se incorren.

3. Unha memoria formalmente estruturada da actividade realizada (relación de actividades, datas, número de participantes, técnicos e resultados deportivos acadados).

4. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

5. Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios.

As entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro da presente orde virán obrigadas ao seguinte:

a) Non poderán modificar o programa aprobado da actividade subvencionada sen a expresa autorización da Dirección Xeral para o Deporte.

b) Comunicarlle á Dirección Xeral para o Deporte a obtención de subvencións ou axudas para as mesmas finalidades, procedentes de calquera Administración ou de entes públicos.

c) Facilitarlle á Dirección Xeral para o Deporte a comprobación e control das actividades que se subvencionan con cargo a esta orde. A Dirección Xeral para o Deporte poderá encargar a realización de auditorías ou de verificacións contables ás entidades receptoras de subvencións, con aviso de quince días hábiles antes da data da realización.

Os beneficiarios de subvención quedan sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou do Tribunal de Contas, así como ao previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

d) Facer constar obrigatoriamente en toda a publicidade xerada polas actividades obxecto de axuda que se recibiu subvención da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral para o Deporte, utilizando para isto, e de forma clara e visible, os logos e símbolos institucionais «Deporte Galego e Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral para o Deporte», dispoñibles para o efecto na páxina web [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es).

e) A adoptar as seguintes medidas de identificación, información e publicidade da subvención concedida:

\* A utilización do galego nos medios de información e comunicación da entidade.

\* Incluír o logo da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral para o Deporte nos medios de comunicación da entidade, así como a colocación dunha pancarta cos mesmos logos na instalación onde desenvolva as competicións oficiais. Ademais as entidades de categorías de ámbito nacional deberán incluír no vestiario deportivo oficial e de adestramento o logotipo da Consellería de Cultura e Deporte e da Dirección Xeral para o Deporte.

f) A colaborar e participar nas actividades programadas pola Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte, en concreto, a que os seus xogadores e equipo técnico participen nas actividades, tal como cursos, conferencias, clinics, etc., especialmente aquelas dirixidas a deportistas de base e á comunidade educativa para a promoción e fomento do deporte nos seus diferentes niveis.

Artigo 11º.-Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incorra nalgún dos supostos recollidos no artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e do artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, procederase de conformidade co establecido nos ditos preceptos. Neste caso, o beneficiario non poderá solicitar outra subvención mentres non sexa devolta a anterior.

Artigo 12º.-Réxime xurídico das axudas.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-Lexislación aplicable.

Nos aspectos non contidos nesta orde, haberá que aterse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, resultando de aplicación supletoria para todo o non previsto nas citadas normas o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de xeral aplicación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral para o Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o mellor desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

## ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA**  
**E DEPORTE**

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD945C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## 1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DON / DONA		NIF
PRESIDENTE/A DA ENTIDADE DEPORTIVA		
ENDEREZO		
TELÉFONO	PROVINCIA	Nº DE REGISTRO NA DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE

## DATOS DA CONTA BANCARIA

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
------------------	--------------	-----------------	-----------------------

## 2.- DATOS DA SOLICITUDE

<b>MODALIDADE:</b>
<input type="checkbox"/> A) CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS QUE PARTICIPEN EN CAMPIONATOS OFICIAIS CONVOCADOS POLAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS. <input type="checkbox"/> B) CLUBS DEPORTIVOS QUE ORGANICEN PROBAS DOS CALENDARIOS OFICIAIS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS. <input type="checkbox"/> C) AGRUPACIÓNS DEPORTIVAS ESCOLARES. <input type="checkbox"/> D) ASOCIACIÓNS QUE PROMOVAN ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS.
IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE QUE SE VAI SUBVENCIONAR

## 3.- DECLARO:

Que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

## 4.- ACEPTO:

O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

## 5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Identificase en relación que se xunta á presente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 27 de abril de 2006 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2006.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE  de de

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Consellería de Cultura e Deporte  
 Dirección Xeral para o Deporte

*Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas.*

Por medio da presente orde, preténdese poñer en marcha un programa de fomento daquelas actividades que persigan a mellora do parque de inmobles vinculados a usos deportivos, xa pertencen a concellos ou a entidades deportivas sen ánimo de lucro.

Mediante este programa de axudas levarase a cabo un traballo de planificación no plano de mellora das instalacións deportivas galegas, de modo que coa acción da Administración autonómica se tentará orientar e priorizar aquelas que se xulgan máis relevantes para a actividade deportiva.

A regulación detallada dos aspectos máis relevantes da acción programada, identifica con claridade os beneficiarios no artigo 2 e as actuacións subvencionables no seguinte precepto, para establecer posteriormente os trámites esenciais do procedemento administrativo que a acción exixirá.

No procedemento destaca a intención de facilitar o máximo contacto dos potenciais beneficiarios coa Administración autonómica, finalidade que explica a intervención dos servizos administrativos das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, tanto nas súas fases iniciais como finais.

O outorgamento das subvencións será efectuado baixo estritos criterios obxectivos, que se explicitan con suficiente detalle no artigo 9 na norma reguladora.

Finalmente para permitir acoller e prestar apoio a aquelas actuacións de máis entidade, prevese a posibilidade de que as actuacións para subvencionar posúan carácter plurianual.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Cultura e Deporte existe crédito axeitado e suficiente para as axudas que se establecen nesta orde e efectuáronse as pertinentes retencións de crédito polos importes citados.

A normativa de aplicación vén constituída pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78 o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, preceptos todos eles aos que se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais que resultan de xeral aplicación.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios destinados para o fin para o que foron establecidos,

#### DISPOÑÓ:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. A presente ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas e subvencións para a construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada e a adquisición de equipamentos deportivos por parte das entidades a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios do presente programa as seguintes entidades, públicas ou privadas, mentres reúnan os demais requisitos exixidos para ter tal condición.

-Concellos.

-Entidades deportivas (clubs e federacións deportivas galegas), con inscrición vixente como tales no Rexistro de Asociacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

-Asociacións dotadas de personalidade xurídica vinculadas a centros educativos, públicos ou privados, que desenvolvan actividades formativas con alumnos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

No marco do presente programa só resultarán susceptibles de seren subvencionadas aquelas actuacións que poidan ser incluídas nalgunhas das seguintes epígrafes, atendendo á necesidade ou fin que se vaia satisfacer.

3.a) Construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada, cando esta corresponda a algunha das entidades identificadas no artigo 2º precedente.

As actuacións anteriores deberán, atendendo á natureza da instalación deportiva, pretender algunha das seguintes actuacións:

1. Campos de fútbol: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

-Terreo de xogo.

-Vestuarios.

-Iluminación.

Non serán obxecto de subvención as actuacións relativas aos peches perimetrais, urbanización do contorno ou a construción ou reforma de bancadas e cubertas de tribunas.